Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XVII - Nº 193. Marzo 2022. Distribución gratuíta

ASETEM - CCA lanza a nova iniciativa para o Día do Pai cun gran sorteo

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide lanza unha nova campaña para promover e impulsar as compras do Día do Pai nos comercios.

Esta iniciativa vaise celebrar durante os días previos ao 19 de marzo para animar a toda a veciñanza e visitantes a mercar nos establecementos de proximidade un agasallo para todos os pais. As usuarias e usuarios das tendas asociadas entrarán nun sorteo dun vale de 150€ para a hostalería. P5

Perfumería Lyss festexa o seu vixésimo quinto aniversario

Perfumería Lyss cumpre este 15 de marzo, 25 anos e para festexalo organiza varios sorteos con sorpresa. Aproveitando a ocasión as responsables deste comercio fan un repaso destes anos. P4

"A escola é fundamental para incidir na idea de igualdade"

Con motivo do día da muller a mestra de filosofía do IES de Melide, Marga Quintela, repasa para o Cerne o valor dos centros educativos na tarefa de incidir en determinados valores como a igualdade. P21

EMPRESA

Calzados Broz prepara nova páxina web para amosar os seus artigos P6

MELIDE

O Concello aumenta as horas do Servizo Axuda no Fogar P13

COMARCA

O CEIP de Arcediago contará con comedor escolar para o vindeiro curso P18

ENTREVISTA

Roberto Pérez, Imprenta Meligraf P23

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

31 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com

Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Mentres...



Unha bandeira feminista suxeita pola man dunha muller. / Foto: Freepik.es

Mentres haxa que explicar o por que da conmemoración do día da muller. Mentres haxa homes que polo simple feito de selo se sintan con dereito ou poder sobre a muller. Mentres siga existindo a violencia de xénero en todas as súas vertentes, porque si, non só as que sofren unha malleira son vítimas, tamén o son as que as que soportan berros, insultos e humillacións; as que ven como o pai dos seus fillos ou fillas lles fan dano a través deles. Mentres siga habendo homes que traten as mulleres como obxectos a cambio de cartos. Mentres as mulleres teñamos que seguir aturando comentarios despectivos pola nosa forma de vestir ou polas nosas relacións sexuais ou sentimentais. Mentres siga existindo unha presión social silenciosa que nos obriga e presiona por estar sempre perfectas. Mentres se dea por feito que somos as mulleres as encargadas do coidado das persoas dependentes e dos nenos e nenas. Mentres os homes pensen que o correcto é colaborar nas tarefas da casa e non entendan que facelas é tanta responsabilidade del como dela. Mentres as mulleres sintamos medo ao volver para a casa logo dunha noite de festa. Mentres as mulleres non teñan as mesmas oportunidades laborais. Mentres haxa un home que considere que ten dereito a mirarlle o teléfono á súa parella. Mentres as mulleres sigamos cobrando 5.000€ (de media) menos que os homes. Mentres as mulleres non consigamos derribar os centos de lousas que a sociedade nos pon encima para acadar postos de poder cando ao home se lle facilitan. Mentres haxa homes que, alzados por un discurso da extrema dereita, poñan en dúbida a violencia de xénero. Mentres siga habendo persoas que consideran que ser feminista non é algo positivo, ao contrario che digan que eles non son feministas nin machistas como se fosen palabras opostas.

Mentres todas estas situacións formen parte da nosa realidade a igualdade seguirá estando lonxe. As mulleres levamos milleiros de anos loitando por conseguir unha sociedade máis igualitaria e equitativa, somos algo máis do 50% da poboación mundial e tamén queremos ser protagonistas da historia. Oxalá pronto todxs sexamos feministas.

Tribuna de opinión

Tempo de reflexionar

Xunta Directiva de ASETEM - CCA

Unha viñeta de Mafalda sobre as épocas de guerra. / Foto: Quino

Nunha guerra nunca hai vencedores e sempre hai vencidos. Nestas situacións de violencia extrema os que as provocan nunca pagan as consecuencias, son todas persoas inocentes as que pagan os pratos rotos. Estes días só con pensar en Ucraína pónsenos a pel de galiña, parece un pesadelo que non conseguimos acabar de crernos. Nun momento como o actual é importante pararnos a reflexionar, que sentiríamos se fosemos nós os que no medio dunha estación de tren ateigada de xente e desesperación tivésemos que dicirlle adeus aos nosos pais, fillos, irmáns, parella e amigos sen saber se esa vai ser a última vez que os vexamos, sen coñecer o seu destino nin tampouco o dos que van no tren camiño dunha terra en paz; tería cabida a esperanza nunha situación na que do día para a noite tes que abandonar esa casa pola que tanto traballaches; esa vila na que sementaches raíces; esas rúas nas que xogaches, bailaches e divagaches; en definitiva, dicirlle adeus a túa vida. Nunha guerra as vítimas non só son as persoas que morren dun dispararon loitando.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Lorena Vidal
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Ana Mato, Latexo Logopedia, IES de Melide, Vanesa de Quinzán e CEIP de Arcediago
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....12
- COMARCA.....17
- CULTURA E LECER.....19
- COLABORACIÓNS.....22
- ENTREVISTA.....23

ASETEM fai un balance positivo da edición de Mercamelide de inverno

Membros da directiva de ASETEM, o Concello de Melide e a Deputación da Coruña no Mercamelide. / Foto: Cerne

Balance positivo do Mercamelide de inverno celebrado a fin de semana do 12 e 13 de febreiro no Palacio de Congresos do municipio.

Nesta edición da tradicional feira de oportunidades organizada pola Asociación de Empresarias e Empresarios da Terra de Melide foron moitas as persoas da vila e contorna que se achegaron, durante o sábado e o domingo, ata o Mercamelide para ver e mercar os produtos que os catorce comercios de proximidade ofreceron a prezos irresistibles durante as xornadas de feira. Boa mostra da afluencia que tivo este evento comercial foron as máis de 150 entradas repartidas para o rocódromo situado no Palacio de Congresos para os cativos e cativas que previamente os pais e nais realizaran unha compra nunha das tendas participantes.

O Mercamelide de inverno é unha iniciativa na que ASETEM - CCA está traballando para que en vindeiras edicións sexan máis os comercios participantes, xa que cantos máis sexan haberá unha maior oferta de produtos e será máis atractivo para os visitantes e veciñanza melidense. Ademais, dende a directiva da asociación empresarial queren agradecer a participación de todos os establecementos que formaron parte desta edición, así como das persoas que acudiron a Melide para visitar a feira de oportunidades e mercar no comercio local da vila.

Véndese leña
picada de carballo

Santa María de MELIDE

636 866 996



LIMPIEZA Y DESINFECCIÓN AMBIENTAL
CONTRA EL CORONAVIRUS

Debido a la declaración del brote de coronavirus como pandemia global por parte de la Organización Mundial de la Salud, desde PLAGOSTEL queremos ayudarle a mantener las dependencias de sus instalaciones libres del virus COVID-19

Plagostel
N.R.S. [0177-GAL-SPO]
calidad e higiene alimentaria

Contacte con nosotros, podemos ayudarle
986118714 – 698179968
pedidos@plagostel.com

25 ANIVERSARIO DE PERFUMERÍA LYSS

“Logo de 25 anos non podemos deixar de dar as grazas a nosa clientela”

MARÍA DEL CARMEN E ÁNGELES SÁNCHEZ

Perfumería Lyss *(Ronda da Coruña, 44 - Melide) Teléf.: 981 50 76 84*

María del Carmen e Ángeles Sánchez xerentes de Perfumería Lyss na zona de bolsos do seu establecemento. / Foto: Cerne

- Que tedes preparado para o 25 aniversario?

- María del Carmen Sánchez (M.S): Pois aproveitando que o 15 de marzo a tenda cumpre 25 anos imos facer varios sorteos entre a nosa clientela e outras moitas sorpresas que por agora aínda non podemos contar.

Ángeles Sánchez (A.S): Iremos contando todo o que temos preparado no facebook de Perfumería Lyss Melide para que a xente vaia descubrindo todas as sorpresas.

- Notades que a situación económica se vai recuperando?

- (A.S): Si, creo que si porque a xente ten ganas de saír e de volver a antiga normalidade. De feito, empezamos a notar que as clientas volven ter ganas de pintar os beizos, xa que nos exteriores xa non é obrigatorio o uso da máscara, ou dun lapis de ollos novo. Logo, tamén se está notando que regresan as celebracións e iso é moi positivo para o comercio porque sempre tes que mercar algo para ir a eses eventos. **(M.S)**: En xeral, temos moitas ganas de desconectar, viaxar e esquecernos un pouco do tema da pandemia.

- Cal foi o momento máis complicado en Perfumería Lyss?

- (M.S): En 25 anos hai moitos momentos de altibaixos, dá tempo a ter épocas boas, regulares e malas. Non obstante, penso que o peor momento foi a pandemia da COVID - 19 porque era un momento de gran incerteza, na que non podías abrir o teu negocio e non sabías o que ía pasar despois. Foi moi duro estar na casa sen saber se mañá vas poder seguir vivindo do teu establecemento no que levas tanto tempo traballando. É certo que a anterior crise económica tamén nos afectou e influíu pero era diferente porque ti podías seguir abrindo o teu comercio e non tiñas normas adicionais. **(A.S)**: A pesares de pasar estes obstáculos seguimos con moitas ganas de loitar pola nosa tenda e non tirara a toalla. Sempre digo que aos pequenos nos poñen obstáculos por todos os lados e aínda así en Melide somos xente testana que pelexamos por botar aquí as nosas raíces e no noso caso, gústanos estar de cara ao público e gañar a vida no que máis nos gusta e así seguiremos ata que a nosa clientela queira.

- Non hai mellor xuíz que a propia clientela.

- (A.S): Os clientes e as clientas son os que mandan, os que che dan forza para seguir. Nós só podemos dicir: grazas, grazas e grazas a todas as persoas que vindo mercar fan posible que Perfumería Lyss siga en pé despois de 25 anos. **(M.S)**: Queremos, dentro da situación que estamos vivindo, ser positivas á hora de facer un repaso pola vida da tenda. Para nós é moi gratificante que a clientela recoñeza o noso traballo, hai xente que vén nas súas vacacións todos os anos mercar aquí porque valora moito os produtos que temos e para nós iso é un orgullo. **(A.S)**: Claro é que xa non só é un tema económico que tamén pero é un subidón de autoestima que a túa clientela te valore e aprecie tanto.

- Como se compite coas grandes superficies?

- (A.S): Co prezo é moi difícil, tes que diferenciarte co trato á clientela. Necesitas dar un trato totalmente personalizado porque ti vas a unha gran superficie e non tes unha persoa que che axuda ou aconselle, en cambio no pequeno comercio podemos centrarnos en cada cliente de maneira individualizada. **(M.S)**: Hai que intentar tratar a clientela de maneira próxima, ter xestos bonitos con eles e elas, ou por exemplo, cando algúns señores e señoras maiores veñen e dinche dáme ese produto que levo sempre e ti podes recordar que artigo é e darllo, cousa que nunha grande superficie é impensable.

- Seguen sendo os domingos os mellores días de venda?

- (A.S): Non, xa non. Actualmente, hai domingos bos e malos igual que o resto de días da semana. A xente, especialmente a das aldeas, xa non ten tanto esa costume de vir facer as compras o domingo e prefire subir calquera outro día da semana de paso que vén ao banco ou a realizar outra xestión. **(M.S)**: Si a xente xa non espera para vir mercar o domingo, o único persoas que non son de Melide e só veñen ese día pero a veciñanza da vila vén durante toda a semana.

- De que xeito afrontades este novo ano?

- (M.S): Con ilusión. Este ano aínda é Xacobeo e teño a esperanza de que vai haber moito turismo pola vila que vai mercar no comercio de proximidade. Ademais, vanse recuperar algúns eventos e a xente vai comezar a gastar un pouco máis aínda que estean pasando cousas que parece que queren desanimarnos unha vez máis pero hai que ser optimistas para este ano.

- Cara onde deben ir dirixidas as axudas das administracións aos establecementos locais?

- (A.S): Nese aspecto non sei moi ben que dicirche, o que interesa ten que ser crear emprego porque a xente o que quere é ter un posto de traballo cun salario digno e despois xa vai gastar no comercio de proximidade porque vai ter recursos para facelo. **(M.S)**: Nós preferimos ter xente que nos veña comprar e que poida gastar cartos nos nosos artigos e non que nos dean unha axuda. Se todo o mundo traballa vai ter os seus recursos para poder gastar a diario nas súas compras, polo tanto, isto beneficiaríanos a todos e a todas. Despois en lugares como Melide é moi importante que axuden de verdade ás aldeas, necesitan axudas reais e non lemas que queden nos papeis. **(A.S)**: Nós vivimos moito das aldeas da contorna e se non hai vida nelas nin recursos non van vir mercar a Melide. Este é un problema como o que hai cos nacementos e teñen que tentar solucionalo porque senón vai ser algo que nos vai afectar, directa ou indirectamente, a todos e a todas como sociedade.

ASETEM - CCA lanza unha nova campaña para promover as compras para o Día do Pai



Debuxos do cartel promocional para a campaña do Día do Pai de ASETEM - CCA. / Foto: Cerne

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide lanza unha nova campaña para promover e impulsar as compras arredor do Día do Pai nos comercios de proximidade.

Esta iniciativa vaise celebrar durante os días previos ao 19 de marzo para animar a toda a veciñanza e visitantes a mercar nos establecementos locais un agasallo para todos os pais. Unha vez máis, ASETEM - CCA, aposta porque comprar nas tendas asociadas da vila teña premio, por este motivo, as persoas que realicen as súas compras arredor do Día do Pai (indiferentemente do seu importe) nos comercios socios poden cubrir unha papeleta para participar no sorteo dunha comida ou cea valorada en 150 euros nun dos establecementos hostaleiros asociados a ASETEM que son: Parrillada Rúa, Bodegas Curros, Casa Alongos, Hotel Carlos 96, Jacarandá, Pazo de Eidián, Pulpería Ezequiel e Parrilada O Carburo. “O feito de haber un sorteo e un premio co que poder recompensar á clientela que vén mercar ás tendas locais pensamos que vai animar á xente para decidirse a compra na vila”, afirman dende ASETEM.

Ademais, como complemento a este sorteo nesta iniciativa vanse volver entregar entre os comercios asociados participantes na campaña varias caixiñas cheas de lambetadas coa mensaxe, “anaquiños de cariño”, para repartir coas compras relacionadas co Día do Pai. Unha vez coas que a asociación empresarial da comarca quere que as tendas poidan ter un pequeno detalle para entregarlle á clientela neses días e poñer un punto doce no medio duns tempos nos que parece que todo é convulso e incerto.

O Día do Pai é unha data sinalada na que ASETEM leva anos organizando diferentes campañas para promover as mercas durante eses días previos, dado que é un día no que un pequeno agasallo pode amosar tamén o cariño ou aprecio cara a figura paterna.

Dende a directiva da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide animan á veciñanza da contorna e das cidades máis próximas a vir mercar ao comercio local de Melide porque nel van atopar os mellores agasallos para esa persoal especial á que lle queiran amosar o seu apreccio dun xeito material.

SUBVENCIÓNS DE INTERESE PARA O 2022

- Axudas para o fomento e consolidación do emprego para pequenas empresas de nova creación:

A *finalidade* deste programa é xerar emprego estable para persoas desempregadas, principalmente entre as mulleres, persoas con diferentes capacidades e en risco de exclusión social, apoiando e dinamizando o desenvolvemento de novas iniciativas empresariais na comunidade autónoma, con especial atención aos concellos do rural galego.

Beneficiarios: por unha banda, as empresas privadas, calquera que sexa a formación xurídica que adopten, agás as persoas físicas, comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativistas e sociedades laborais, sempre que cumpran as condicións e os requisitos establecidos nesta orde para cada tipo de axuda e nas cales concorran, na data do seu inicio de actividade as seguintes circunstancias: a) que sexan empresas de nova creación; b) que sexan viables técnica, económica e financieiramente; c) que xeren emprego estable para persoas desempregadas; d) que teñan o seu domicilio social, fiscal e o seu centro de traballo en Galicia; e) que sexan promovidas, como máxima, por cinco persoas e que entre os socios ou socias promotoras non figure ningunha persoa xurídica; f) que a empresa teña un capital social máximo de 120.202€; g) que, como mínimo, o 50% do seu capital social sexa de titularidade das persoas promotoras e que sexan persoas desempregadas que creen o seu propio posto de traballo na empresa. Pola outra banda, poderán ser beneficiarias as persoas promotoras para a axuda para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar.

O programa de fomento e consolidación do emprego nas pequenas empresas de nova creación inclúe os seguintes *tipos de axudas*:

- Subvención á *xeración de emprego estable*. A creación de postos de traballo estables de carácter indefinido, incluídos os das propias persoas promotoras, que sexan ocupados por persoas desempregadas incentivaranse, ata un máximo de dez, cada un deles coa contía de 2.000€ como persoa desempregada en xeral. Cada posto de traballo estable incentivarase con 4.000€ para o caso de persoas desempregadas que se atopen nalgún dos seguintes colectivos: desempregados de longa duración, con discapacidade e persoas desempregadas que se atopen en risco de exclusión social. A contía máxima de aplicarse todos os incrementos posibles recollidos na orde desta axuda sería de 9.000€.
- Subvención para *formación*. Esta parte ten por obxecto financiar parcialmente a formación relacionada coas funcións xerenciais da persoa promotora ou empresaria e/ou a formación directamente relacionada coa actividade que van desenvolver, de xeito que estes estudos contribúan á boa marcha da empresa. O gasto orixinado deberá ser efectivamente xustificado, mediante certificado de asistencia e as facturas e documentos bancarios acreditativos do seu pagamento, con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido na resolución de concesión ou, en todo caso, ata o pasado 20 de decembro de 2021.
- Subvención para o *inicio da actividade*. Poderase conceder para o financiamento dos primeiros gastos da actividade unha subvención de ata 2.000€ por cada emprego subvencionable, ata un máximo de dez, por persoa desempregada en xeral.
- Subvención para a *conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras*. Co obxectivo de favorecer a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas emprendedoras concederase unha subvención do 75% do custo dos servizos de gardaría, ata un máximo de 3.000€, para aquelas persoas promotoras que teñan fillos ou fillas menores de tres anos.

Solicitudes e prazo de presentación: ata o vindeiro 21 de marzo.

Esta orde de axudas pódese consultar no Diario Oficial de Galicia do 21 de febreiro 2022.

A cooperativa CLUN subirá en abril o prezo do leite entre 2,5 e 3 céntimos

Un dos camións de CLUN que recolle o leite das gandarías. / Foto de arquivo

A cooperativa CLUN, produtora das marcas Feiraco, Clesa e Únicla, subirá a partir do mes de abril o prezo do leite entre 2,5 e 3 céntimos por litro para as persoas asociadas á entidade da que forman parte gandeiros e gandeiras da comarca da Terra de Melide.

Actualmente, as Cooperativas Lácteas Unidas (CLUN) teñen pouco máis de 3.000 socios e está presente en máis de 80 concellos galegos. A entidade láctea anuncia a través dun comunicado que esta é a cuarta suba de prezos que realizan dende o mes de xuño. Ademais, o director xeral de CLUN, Juan Gallastegui, destacou que "a conxuntura actual do sector, co incremento dos custos de produción que afectan ás explotacións gandeiras, fai necesario redobrar esforzos para lograr unha cadea de valor do lácteo máis equilibrada, que garanta a sustentabilidade e o futuro do sector".

Gallastegui sinala no comunicado enviado á prensa que esta subida se argumenta en que "a rendabilidade das explotacións é garantía do futuro do sector e do medio rural galego, para que se poida vivir del e nel".

Os datos ofrecidos polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación sobre o prezo do leite medio no mes de novembro do 2021 situábase nos 0,362 euros. Tendo en conta a suba do prezo dos pensos e da factura da electricidade, o incremento do prezo do litro de leite parece insuficiente para que os gandeiros e gandeiras poidan seguir traballando dignamente.

Calzados Broz prepara unha nova páxina web

Unha das tendas de Calzados Broz na rúa Camiño de Ovedo. / Foto de arquivo

O comercio Calzados Broz prepara unha nova páxina web que estreará moi pronto e na que se poderán ver todos os produtos e artigos cos que contan na tenda.

Internet debe ser un aliado para os establecementos de proximidade e, por este motivo, dende a xerencia de Calzados Broz decidiron crear unha nova páxina web para ter un escaparate máis na rede no que a clientela poida descubrir e ollar todos os produtos desta zapatería melidense. Un feito que amosa como o comercio local se intenta facer un oco entre toda a competencia e ofertas que se poden atopar na rede. Haberá que estar atentas para descubrir esta nova páxina web.

Mis Mejores Labores expón en tenda diversos modelos de decoración para eventos

Dous dos modelos de decoración especial realizada con globos para eventos expostos durante estes días na tenda de Mis Mejores Labores, na Ronda da Coruña en Melide. / Foto: Cerne

Mis Mejores Labores, comercio asociado a ASETEM - CCA, expón durante estes días diversos modelos de decoración especial para diferentes eventos como: bautizos, comuñóns ou aniversarios.

Un dos grandes protagonistas destas orixinais decoracións son os globos, un produto que dende hai meses traballan neste establecemento melidense para realizar distintos encargos como agasallos do máis orixinal para unha ocasión especial, tanto para os máis pequenos e pequenas como para adultos.

Ademais, Marga Iglesias, xerente de Mis Mejores Labores, manifesta que estes só son dous exemplos de todo o que se pode facer con estes recursos. As persoas interesadas en coñecer máis deste servizo só teñen que achegarse polo establecemento ou poñerse en contacto a través do teléfono da tenda, o 981 50 90 85.

Un xeito diferente e bonito de decorar todos os eventos que se van a celebrar ao longo de todo este ano. As persoas que visiten Melide poderán ver esta exposición ata o domingo 13 de marzo en horario de tenda.

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ÓPTICAStábora

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E. 15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

24

Meta

"O contrario ao feminismo é a ignorancia"

Estas frases son propostas polas asociadas de ASETEM na procura dunha sociedade máis xusta e igualitaria.

23

"Non podo ser a muller da túa vida porque son a muller da miña"

22

"Loitemos por unha sociedade comprometida coas necesidades reais das mulleres do rural"

13

"Son muller e nadie me pon límites"

14

"Non me digas feliz día, levántate e loita comigo"

15

"Somos o berro das que xa non están"

12

"A revolución será feminista ou non será"

11

"Todos somos diferentes sexamos tolerantes"

10

"Quen non se move non sinte as cadeas"

1

Saída

Unha sociedade desigual na que os homes cren que polo feito de selo as mulleres son persoas inferiores e sumisas.

2

"Cóidate por dentro e por fóra sexas home ou muller"

3

"Eu pídome a vida, sé ti mesma e que ninguén decida por ti"

21

"Por unha conciliación familiar real para mulleres emprendedoras"

20

"Pola igualdade no trato, nos nosos traballos e de todas nós"

19

"Cando unha muller é todoterreo o que sobran son camiños"

16

"De camiño a casa quero ser libre, non valente"

17

"Se queremos conseguir a igualdade, loitemos polas que se foron, polas que estamos e polas que virán"

18

"Son unha persoa libre, ninguén ten deireito sobre min. Non queremos máis mortes"

9

"Algo vai mal cando se odian máis as feministas que os violadores"

8

"Como muller emprendedora quero seguir sendo unha princesa guerreira porque quero, podo e merezo"

7

"A violencia é o último recurso da incompetencia"

4

"Son muller, son irmá, son filla, son nai, son poderosa"

5

"A igualdade de xénero é unha loita de todos, non unha loita feminina"

6

"A miña vida ten valor, o meu corpo non ten prezo"

As mulleres que coidan

Un 8 de marzo de fai máis de cen anos ardía en New York unha fábrica de camisas na que traballan en pésimas condicións centos de mulleres. Moitas delas arderon tamén, e esa chama prendeu no calendario para que cada 8 de marzo se reivindique a posición de igualdade das mulleres na sociedade –sobre todo no laboral-, a maneira na que as mulleres están no mundo fóra das portas da casa. Fóra das portas da casa porque é aí onde se supón que está o traballo que ha de traer o pan, e onde a realidade das estatísticas di que elas o teñen máis difícil ca eles.

Non nos estraña por iso ver lemas e bandeiras do 8M nestas datas en calquera lugar público. Pero non se entendería que estas reivindicacións estivesen na intimidade dos fogares, onde non se fala diso porque a maioría das familias están construídas sobre uns costumes, uns roles e unhas responsabilidades que rara vez se cuestionan. Ninguén cuestiona que é a filla a que coida dos pais, que é a nai a que coida dos fillos, e que cando xurde unha situación de enfermidade ou dependencia, unha muller parará a súa vida para coidar outra. Pero quen a coida a ela?

En todos os traballos legalmente regulados existe o tempo fóra, o descanso, a desconexión. Máis pequeno ou máis grande. Tamén no traballo das mulleres que se dedican profesionalmente ao duro labor de coidar. Pero cando coidas ao teu home tolleito, á túa nai que come pola túa man, á túa sogra que xa non sabe quen es, ou á tía que precisa que a cambien tres veces na noite porque esnaquiza o pañal,... cando es ti, deixa de existir o calendario, a paz, a desconexión, o tempo, a túa vida e a túa propia individualidade persoal. E é certo que o ciclo da vida ten un tempo primeiro no que nos coidan, ó nacer, e outro no que seguramente coidemos nós. Pero así como están normalizados os coidados que necesitan –e adoitamos dispensar- ás paridas porque están vinte e catro horas criando, nada ou moi pouco se fala de coidar ás coidadoras dos seus vellos, dos seus propios homes, dos dependentes que levan o seu sangue ou o seu querer. E moito máis difícil é o seu camiño, porque unha nai acabada de parir ve medrar en autonomía e vida ao obxecto do seu coidado; pero a coidadora dun vello, de seu pai, da súa parella enferma, ve como nin a entrega total da súa vida e do seu tempo, por máis que se carguen de mimo e de amor, conseguen parar a caída cara o final. E nese final, cando morre quen nos tivo atados á súa cama coa cadea que ata o corazón que quere, morre tamén o tempo que pasou, a vida dunha muller que puxo por diante as urxencias e o benestar doutros antes ca os seus propios,... e que seguramente nunca soubo que se reivindicaba os 8 de marzo. Se pechas os ollos dez segundos seguramente che veñan á memoria varias destas mulleres. Mímaas agora.

Vanesa de Quinzán

SABER DE LEI

Ana Mato Salgado
Avogada
Tlfn.: 671 833 425
Rúa Xesús Carro, Nº15-2º
(Melide)

8 de marzo

O día 8 de marzo celebrase o día internacional da muller. É unha data na que se reivindica a igualdade entre mulleres e homes nun mundo no que cada día se escoitan máis voces femininas para esixir dereitos e liberdades. A conmemoración do día da muller no día 8 de marzo ten a súa orixe en Copenhague en 1910, cando na conferencia da Internacional Socialista se decidiu establecer un día ao ano para apoiar as reclamacións pola igualdade de homes e mulleres.

A historia dos dereitos da muller en España vai da man de cambios sociais, políticos e ideolóxicos que se produciron a finais do século XX no mundo, especialmente en Europa e en Norteamérica.

O 10 de xullo de 1910 tivo lugar en Barcelona a primeira manifestación encabezada por mulleres en España, e foi en 1918 cando nace a Asociación Nacional de Mulleres Españolas, unha agrupación que defendía reformas no Código Civil, a promoción educativa e o dereito ao voto feminino e a posibilidade de que as mulleres fosen elixidas nas Corte na Segunda República. Se ben se avanzou nos dereitos e liberdades da muller, aínda as desigualdades son evidentes en todo o mundo.Se facemos un balance dos datos sobre os dereitos das mulleres ao arredor do mundo é escalofriante. En Yemen por exemplo non existe ningunha muller con cargo gobernamental, en Irán a muller necesita autorización por parte de seu pai, marido ou fillo para estudar ou traballar, incluso, para practicar deporte. No Líbano está permitido o crime de honra, onde se permite asasinar a muller só pola sospeita que cometeu adulterio. En Marrocos a taxa de analfabetismo masculino é do 75%.

O Día Internacional da Muller tomou unha nova dimensión global para as mulleres nos países desenvolvidos , o crecente movemento internacional para as mulleres está axudando que a conmemoración sexa un elemento unificador fortalecendo de tal xeito o apoio dos dereitos das mulleres e a súa participación en ámbitos políticos, sociais, culturais e económicos. Dende o ano de 2015 están postos en marcha os 17 obxectivos de desenrolo sostible. Estes obxectivos son; poñer fin a todas as formas de desigualdade contra as mulleres e nenas en todo o mundo, eliminar toda as formas de violencia en todos ámbitos tanto privado como público, incluída a trata e a explotación sexual, a eliminación de todas as prácticas que sexan nocivas como o matrimonio infantil.., recoñecer e valorar os coidados e o traballo doméstico, velar pola participación plena e efectiva das mulleres e a igualdade de oportunidades de ser líder a todos os niveis da adopción de decisións na vida política, económica..., garantir o aceso universal a saúde sexual e reprodutiva, emprender reformas que outorguen as mulleres o dereito aos recursos económicos, mellorar na tecnoloxía da información e das comunicacións, aprobar e fortalecer políticas acertadas e leis aplicables para promover a igualdade entre xéneros e o empoderamento das mulleres...

En España, despois dun longo camiño andado, na actualidade o número de mulleres na Universidade supera ao dos homes, están plenamente integradas no mundo laboral a pesar de que aínda existan desigualdades en canto ao aceso a postos de responsabilidade, e a existencia palpable da brecha salarial e quedando aínda nalgúns fogares un pensamento machista, onde a mulleres se debe encargar das tarefas da casa. O salario medio anual das mulleres é dun 12% menor ao dos homes. Segundo o Informe Global da Brecha de Xénero de 2016 do Foro Económico Mundial, non será ata o ano 2186 cando se conseguirá acabar con esta brecha. Queda un longo camiño aínda por andar , pero o certo é que na actualidade a muller adquiriu novos roles moi lonxe daquelo que dicía; "profesión : sus labores", a muller do século XXI pódese definir como traballadora, independente, e pode ser todo aquilo que queira ser.

ESTE MES *LATEXO LOGOPEDIA* CÓNTACHE..."

LOGOPEDIA, PROFESIÓN DE MULLERES!

Cristina Fernández Barros
Nº col. 15/0099

latexo
logopedia
Rúa Rosalía de Castro, 3 Melide

Hai persoas que se sorprenden cando uso o feminino para referirme ás profesionais que exercemos a logopedia e failles pensar que non hai homes logopedas. Certo é que os hai pero non supoñen unha porcentaxe elevada dentro da globalidade da profesión. Aínda tendo isto en conta, cando se estudan os fitos que marcan a profesión (ao igual que noutras áreas), adoitan aparecer máis nomes masculinos e caen no esquecemento outros nomes de mulleres pioneiras na nosa profesión.

Calcúlase que hai unhas 9 mil logopedas colexiadas no estado español, repartidas en 14 colexios profesionais, das cales un 93'65% son mulleres e un 6'35% son homes (INE, finais de 2019). Simplemente por estatística, se 93 de cada 100 logopedas en España son mulleres, e tendo en conta que a tendencia noutros países é similar, a súa aportación á profesión debería ser suficientemente significativa como para ser referida e estudada.

Irene Marchesan, pioneira da motricidade orofacial. Inés Bustos, eminencia da terapia en casos de audioloxía. Isabel Monfort, gran profesional da linguaxe en TEA e outros trastornos asociados. Diana Grandi, referente no traballo con pacientes no campo da odontoloxía. Esther Bianchini, referente no traballo con apnea obstrutiva do sono. Son só algúns exemplos e podería continuar con cen nomes máis, xa que fan que a profesión estea en constante cambio e mellora, pero quedaríame curta para tanto talento.

Talento co que tamén contan todas as miñas compañeiras logopedas de Galiza, esas que non teñen nomes recoñecidos pero que deixaron marca en min e me axudan cada día a mellorar, que exercen a súa profesión con dedicación e responsabilidade, pensando sempre no mellor para as persoas usuarias do noso servizo. Non as coñecedes pero Paula, Ánxela, Miriam, Montse, María, Elva, Sandra, Kathy, Diana, Susana, Macarena e moitas outras, son compañeiras que, por toda Galiza fan un gran traballo en prol da profesión e para mellorar a calidade de vida de cada paciente que se atopan e merecen que se recoñeza o seu traballo. Grazas por aportar tanto á miña formación e experiencia!!

Aínda que nos quedan moitos obstáculos que sortear e moitas metas por alcanzar como mulleres, poderemos conseguir todo o que nos propoñamos se practicamos a sororidade e a cooperación! Esta é a miña homenaxe ás miñas compañeiras e a unha profesión de mulleres no día da muller!

Teléfono:
642 007 210

CARMEN LIÑEIRA, CONCELLEIRA DE IGUALDADE DO CONCELLO DE MELIDE

“As administracións públicas debemos traballar unidas para camiñar en dirección a unha sociedade máis igualitaria”

Carmen Liñeira, concelleira de Igualdade do Concello de Melide. / Foto: C. L

- Por que é tan importante que dende as administracións locais se fagan accións a prol da igualdade?

- Carmen Liñeira (C.L): A administración local é a máis próxima á cidadanía, é por iso debemos transmitir o noso compromiso e traballo a prol da igualdade e na erradicación das desigualdades de xénero, ao mesmo tempo que creamos rede coa veciñanza para entre todos e todas construír un concello máis paritario e igualitario.

- Este ano organizastes unha programación moi variada arredor do día da muller.

- (C.L): Si, pretendemos facer unha programación ampla e variada, onde teña cabida toda a poboación. Este ano a programación do mes de marzo entorno ao 8-M realízase con actuacións musicais e culturais, por exemplo o concerto do grupo de música De Vacas e a obra teatral ‘As Fillas Bravas’, actuacións deportivas como é o seminario de defensa persoal feminina, así como tamén o II Premio de relato curto en prol da Igualdade. Para rematar, comentar que estamos a facer actividades e obradoiros nos centros educativos do concello.

- Como concelleira de igualdade de Melide cales son os teus principais obxectivos?

- (C.L): Marcaría dous obxectivos fundamentais: por un lado, traballar arreo para conseguir que as persoas que teñen a desgraza de vivir unha situación de violencia de xénero se sintan atendidas, comprendidas, apoiadas, acompañadas e, sobre todo, protexidas. Por outro lado, considero que gran parte da erradicación do problema parte da educación, polo tanto, invertemos todos os recursos posibles cos que contamos na formación e educación, poñendo o énfasis na realización de talleres e propostas que favorezan a consecución deste obxectivo.

- No que respecta á igualdade de xénero queda moito por avanzar como sociedade.

- (C.L): Lamentablemente si, queda moito por facer pero, a min que me gusta ser positiva e ver sempre a cara boa, penso que hai moito camiño andado e penso verdadeiramente que imos no bo camiño e polo lado acertado. Temos que pensar que a semente de hoxe será a recollida de mañá e creo que a semente é boa. Nunca con tantos recursos se contou, polo tanto aproveitémolos e sigamos traballando.

- Que mecanismos ten o Concello de Melide preparados para unha muller que chegue ao departamento de Servizos Sociais para denunciar unha situación de violencia de xénero?

- (C.L): o Concello de Melide conta cun CIM (Centro de Información á Muller) con dúas profesionais, unha psicóloga e unha asesora xurídica, onde serán informadas e asesoradas dende o primeiro momento. Con respecto á atención de violencia de xénero, nos últimos anos lévase traballado moito dende que entramos no goberno e avanzouse moito neste aspecto. Primeiro, reiniciáronse as mesas locais de violencia, que levaban inactivas dende o ano 2017. Despois, a policía local formouse especificamente en violencia de xénero para posteriormente integrarse no programa VIOXEN. Este é un programa no que a Garda Civil e a Policía Local traballan conxuntamente na protección de vítimas de violencia de xénero, co cal permite realizar un seguimento e protección de forma rápida, integral e efectiva das mulleres vítimas da violencia machista. Ademais, fai un mes creouse a mesa policial local, esta é unha mesa de traballo onde tanto a Garda Civil como a Policía Local e o persoal do CIM traballan conxuntamente na atención e protección das vítimas de violencia de xénero.

- Como muller, que cousas pensas que erran para non avanzar máis e máis rápido en materia de igualdade?

- (C.L): Pois varias: por unha banda, o sistema patriarcal no que está ancorado a sociedade, a cultura e a educación. Esta loita é difícil, moi difícil, pero precisa da implicación de todos e todas para poder chegar a un modelo social xusto e igualitario. Por outra banda, penso que en certa medida os medios de comunicación teñen un papel moi determinante á hora de conformar a opinión pública da sociedade. Coa reprodución e información que trasladan os medios, en ocasións, fomentan e axudan a promover a estigmatización, denigración e reificación das mulleres, así como a reproducir modelos e estereotipos de xénero que discriminan ás mulleres e que pouco ou nada nos axudan a avanzar como sociedade. Por último, diría que en temas de gran calado como este, as administracións débense unir, traballar todas no mesmo senso e camiño, dende o Goberno central, o autonómico e o local, tendo o mesmo obxectivo temos que ser capaces de traballar no mesmo xeito. Logo, a partir de aí, implicar o tecido empresarial, asociativo e social, entre outros.

- Cales sinalarías como as reivindicacións máis urxentes do movemento feminista?

- (C.L): Acadar a equidade e igualdade de dereitos entre homes e mulleres, poder de decisión da muller, garantir a liberdade sexual e, sobre todo, garantir a integridade psicolóxica e física das mulleres; nisto queda moito que facer e os datos aválano, no que vai de ano faleceron seis mulleres vítimas de violencia de xénero e máis de 1.100 dende que hai rexistros (ano 2003).

- Neste eido, vides de ampliar o programa Xantar na casa, a acollida desta actividade está sendo moi boa.

- (C.L): Si, o servizo de Xantar na Casa púxose en marcha en marzo do ano 2021 cunha totalidade de dez prazas, tan só dous meses despois tivemos que solicitar ao Consorcio Galego a ampliación de dez prazas máis porque xa había lista de agarda. A nosa solicitude foi concedida e agora mesmo o concello de Melide conta con vinte prazas no servizo de Xantar na Casa para que vinte persoas maiores ou dependentes do noso concello poida desfrutar do mesmo, o que supón unha mellora na súa calidade de vida.

- Acabades de incrementar as horas dedicadas a persoas dependentes no Servizo de Axuda no Fogar, estarán así cubertas todas as demandas da vila?

- (C.L): Efectivamente, vimos de aumentar o número de horas de Axuda no Fogar na modalidade de dependencia en 6.000 horas mensuais, que se engaden ás que xa se ampliaron nos últimos anos dende o Concello. De feito, dende hai dous anos ampliouse este servizo en máis de 10.000 horas, este acontecemento é significativo, mostra do compromiso que mantén este equipo de goberno local coas persoas maiores e coas persoas con discapacidade do noso municipio, así como unha ampliación e mellora dos servizos sociais, pero lamentablemente a pesares desta ampliación e de mellorar moito a lista de agarda non remata coa mesma.

O Concello gaña o Premio Galicia por realizar a mellor xestión do deporte

Fotografía de todos os participantes na andaina, promovida polo Concello, ata o Coto do Pilar. / Foto: Concello de Melide

O Concello de Melide é o gañador do Premio Galicia, na categoría de municipio de menos de 15.000 habitantes, á mellor xestión deportiva na súa XII edición.

Este galardón, concedido o pasado mes de febreiro na reunión da Xunta Directiva da Asociación Galega de Xestión Deportiva (AGAXEDE), recoñece por unanimidade do xurado a xestión deportiva da administración municipal melidense.

Un dos aspectos da xestión deste departamento nos que o xurado fixo fincapé foi o programa de deporte en liña impulsado durante os períodos de peche das instalacións deportivas a causa da pandemia da COVID - 19, cando os usuarios e usuarias só podían facer deporte nos seus fogares. Esta variada e ampla programación en liña foi todo un éxito, xa que chegouse a máis de 600 persoas, entre elas moitas de idade avanzada que mantiveron a súa actividade de exercicio físico grazas ás novas tecnoloxías.

Outros aspectos que o xurado do Premio Galicia tivo en conta para conceder o galardón foi o desenvolvemento de dúas ligas federadas (unha de fútbol e outra de padel) en Melide promovidas pola administración municipal, así como o amplo programa de escolas deportivas no que participan máis de 400 persoas de todas as idades. A isto hai que sumarlle o recoñecemento da creación dun circuíto de andainas que "seguirá a potenciar hábitos saudables en colaboracións con asociacións locais", afirman dende o Concello.

Este premio a nivel autonómico tamén recoñece o incremento no volume de investimentos nas instalacións deportivas e o crecemento na cantidade de axudas directas ás asociacións deportivas. De feito, na liña de subvencións do Concello a asociacións da vila, houbo varias entidades relacionadas co deporte que recibiron estas axudas como por exemplo: a asociación deportiva Cerne, o Cire ou o Club de Fútbol Sala, entre outras.

O concelleiro de Deportes, José Prado, comenta que "para nós é un orgullo a concesión desta distinción". Prado fai fincapé en que "este recoñecemento faise a todos os melidenses que se manteñen activos, aos directivos e directivas das distintas asociacións que dedican o seu tempo ao fomento do deporte, ao departamento de Deportes do Concello que traballa con moita ilusión e eficacia, e por suposto, é un recoñecemento a un Goberno municipal que entende o deporte como unha actividade esencial para a sociedade".

A maiores, o encargado da concellería de Deportes, José Prado, quixo expresar o seu pesar polo feito de que "a día de hoxe aínda non estea en funcionamento por cuestións administrativas o centro deportivo que substituirá á piscina climatizada, piscina que tivo que ser pechada por rematar o prazo de adxudicación e polo risco grave para a saúde dos usuarios".

Técnicos da Deputación da Coruña imparten unha charla sobre axudas para as asociacións do municipio

No pasado mes de febreiro, os técnicos da Deputación da Coruña acudiron á Sala de Conferencias do Edificio Multiusos de Melide para impartir unha charla sobre subvencións para as asociacións do municipio.

A esta actividade acudiron: por parte da administración provincial, o técnico de deportes Manolo Doce, o de asuntos sociais, Benardino Rama, e o deputado socialista Antonio Leire; pola administración local, o alcalde da vila, José Manuel Pérez, e o tenente alcalde e concelleiro de deportes, José Prado; pola banda das asociacións estiveron na charla representantes da Asociación de Cazadores, do Cire, do Club de Fútbol Sala, da asociación deportiva Cerne e de ASETEM -CCA, entre outras.

Neste faladoiro, os traballadores da Deputación explicaron diferentes liñas de axudas económicas para estes organismos e tomaron nota de varias críticas ou dificultades que as entidades solicitantes teñen á hora de pedir estas subvencións, así como propostas nas que destinar unha partida económica que lles poida beneficiar máis para enfocar vindeiras edicións.

Unha xornada informativa que os técnicos da Deputación da Coruña levan meses facendo por varios concellos galegos da provincia para achegar as propostas das asociacións á administración provincial e poder mellorar as subvencións.

Melide aumenta as horas dedicadas a persoas dependentes no Servizo de Axuda no Fogar

Unha persoa de axuda do fogar apoiando a unha usuaria. / Foto de arquivo

O Concello de Melide vén de aprobar un incremento de horas no Servizo de Axuda no Fogar polo que se verán beneciadas as persoas maiores ou con déficit de autonomía e persoas con diferentes capacidades que precisan atención para realizar actividades básicas da vida cotiá.

Con este aumento de tempo, o segundo no que vai de lexislatura, acádase unha cifra récord nas horas dedicadas a este servizo no municipio, cun total de 47.748 horas anuais que permiten facer máis pequena a lista de espera que existe na actualidade no departamento de servizos sociais.

A Concelleira de Política Social e Igualdade, Carmen Liñeira, fai fincapé en que "o Servizo de Axuda no Fogar é moi demandado polos nosos veciños e veciñas, ao tratarse dun concello cuxa media de idade é moi elevada, polo que supón unha gran satisfacción poder chegar a cada paso a máis fogares para mellorar a calidade de vida das persoas", un servizo moi importante para usuarias e usuarios que precisan desta axuda para poder desenvolver o seu día a día.

Remata a rehabilitación da Ponte de Furelos con descontento xeralizado entre a veciñanza

A Ponte Medieval de Furelos na actualidade, logo das obras de rehabilitación. / Foto: Sandra Alonso

O resultado das obras de rehabilitación da Ponte Medieval de Furelos rematan con gran descontento entre a veciñanza do municipio polo resultado.

Dende o Museo Terra de Melide manifestan que tal e como resulta evidente as obras da ponte medieval "están a conferirlle unha fisonomía nova, dispar e ao mesmo tempo anacrónica". De feito, afirman que nesta rehabilitación non se buscou enfatizar os elementos orixinais e propios da arquitectura pretérita da ponte, senón "apostar por uns conceptos de modernidade, no que a dialéctica entre o pasado e o presente non combina nin harmoniza", fai fincapé o persoal do museo da comarca melidense nas redes sociais.

O descontento con esta actuación vén de lonxe, o museo chegou a trasladar ata once escritos a diferentes departamentos da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia comentando a súa preocupación pola actuación executada nos pretiles e no firme da vía.

O IES de Melide acada a segunda posición no Concurso Odisea



Os membros do equipo 'Aqueles' na aula de informática. / Foto: IES de Melide

Un ano máis e como xa é tradición dende o seu comezo, o alumnado do IES de Melide participaron na convocatoria deste ano do Concurso Odisea e acadaron a segunda posición.

Esta competición a nivel autonómico centrouse nesta edición no tema da arte nas antigas Grecia e Roma, un temario moi amplo que o alumnado de 1º de BAC preparou durante unha semana co material que elaboraron os departamentos de latín e grego.

Catro equipos do IES conseguiron a puntuación máxima pero foi a formación 'Aqueles' a que conseguiu o segundo posto do concurso. Este martes recolleron o premio en Lugo.

Regresa a Foliada na súa XV edición coas Tanxugueiras como actuación principal

Aida, Olaia e Sabela do grupo Tanxugueiras na imaxe promocional para a Foliada. / Foto: Concello de Melide

Logo de tres anos sen celebrarse, a Foliada volve festexarse en Melide durante a fin de semana do 23 e 24 de abril e co máis soado do momento como actuación principal, as Tanxugueiras.

A Foliada de Melide é un dos grande eventos da comarca, de feito é recoñecida a nivel autonómico e incluso nacional pola súa repercusión e pola ampla programación que ten en cada unha das edicións que se celebra. Uns días de festa nos que Melide se converte nun gran reclamo para visitar e desfrutar da Foliada, dado que durante esa fin de semana son moitas as persoas que se achegan ata a vila para gozar da música tradicional.

Nesta XV edición da Foliada manterase o seu formato orixinal coa celebración na xornada do sábado dos tradicionais Cantos de Taberna pola zona vella e Melide, e o Serán, no que participarán grupos de toda a comarca. Outra das activdades máis recoñecidas pola veciñanza e visitantes que se achegan á vila para celebrar a música tradicional.

Ademais, ao longo da fin de semana celebrarase a mostra de artesanía, obradoiros e actos para todos os públicos nos que a música tradicional galega será a protagonista absoluta.

É importante lembrar que a Foliada xurdiu "pola necesidade de poñer en contacto aos diferentes grupos e asociacións culturais da comarca, e xuntos visibilizar todo o potencial que existía nese momento", tal e como sinalaba Miguel Varela, "Miki", hai uns anos nunha entrevista para o xornal Galicia Confidencial. Desta maneira, un grupo de rapaces e rapazas conseguiron crear un espazo común que nun principio se limitaba a unha pequena xuntanza para tocar e bailar pero que co tempo foi medrando ata converterse no que hoxe é a Foliada de Melide.

Un evento cultural que, unido ao xa coñecido como efecto Tanxugueiras, vai axudar a incorporar ás novas xeracións a manter o apego e con vida a música e a cultura tradicional galega. Unha data que se debe anotar como importante para asistir e apoiar así a todos as formacións musicais que participen nesta vixésima quinta edición da Foliada de Melide.

8M MARZO FEMINO

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

II PREMIO DE RELATO CURTO EN PROL DA IGUALDADE

Prazo de presentación: até o 25 de abril de 2022.

Máis información e bases: concellodemelide.org e no Facebook do Concello de Melide

AS FILLAS BRAVAS

Obra de teatro para público en xeral. Compañía Chévere.

Domingo 6 de marzo, ás 19:00 h

Centro sociocultural Mingos de Pita

SEMINARIO DE DEFENSA PERSOAL FEMININO

Sábado 12 de marzo, de 10:00h a 14:00h

Pavillón municipal de Melide

DE VACAS

Concerto musical.

Domingo, 13 de marzo, ás 19,00 h

Centro sociocultural Mingos de Pita



OBRADOIROS NOS CENTROS EDUCATIVOS

TEATRO COEDUCATIVO

Destinatarios: alumnado de 5.º de educación primaria

7 marzo CEIP N.º1

9 marzo CEIP MARTAGONA

9 marzo CEIP PASTOR BARRAL

BAILE COEDUCATIVO

Destinatarios: alumnado de 5º de educación primaria

14 marzo CEIP N.º1

15 marzo CEIP MARTAGONA

15 marzo CEIP PASTOR BARRAL

AS MULLERES QUE NOS CONSTRÚEN

Destinatarios: alumnado de 3.º ESO

23 e 24 marzo IES DE MELIDE

Concello de Melide

Xoiería
Pereiro
Reloxería

Rúa Moa, 8
15800 Melide (A Coruña)
981 50 52 33

MANUEL LÓPEZ

CALEFACCIÓN FONTANERÍA
GAS RENOVABLES

"Renovamos o seu baño encargándonos de todo o proceso, incluído a colocación de ducha e mampara. Tramitamos subvencións INEGA. Substituímos caldeiras. Instalación de chimeneas. Instalador autorizado de calefacción e fontanería da Xunta de Galicia"

Teléfono: 617 956 471
Melide - A Coruña

ROMERO
Zapaterías
Confianza desde 1895

RONDA DA CORUÑA, 29 - BAIXO
15800 - MELIDE (A CORUÑA)
981 50 53 56

PERFUMERÍA
LYSS

RONDA DA CORUÑA, 36 - BAIXO,
15800 - MELIDE (A CORUÑA)
981 50 51 95

O Concello de Toques califica de éxito rotundo a terceira Subida a San Cidre

Os corredores no punto de saída da Subida a San Cidre celebrada o pasado domingo 6 de marzo. / Foto: C. Toques

A terceira Subida a San Cidre - Xacodesafío 2022 no concello de Toques resultou un éxito rotundo en canto a organización e número de participantes.

Este evento deportivo comezaba o pasado domingo pola mañá co corte da cinta no punto de partida da carreira de onde saían todos os corredores.

Dende o departamento de deportes do Concello de Toques felicitan a todos os participantes da carreira que acadaron grandes resultados, xa que todos os corredores conseguiron facer o percorrido en grandes tempos e tres deles en menos dunha hora, así como aos voluntarios e colaboradores que fixeron posible que este evento deportivo fora un gran éxito.

O técnico de deportes toquense, Mauro Noguerol, fixo fincapé no "bo ambiente" que había na carreira tanto entre os participantes como entre o público que os animaba. A maiores, "os corredores felicitáronnos pola boa organización do evento e pola boa sinalización que tiña todo o percorrido, algo que para nós é moi gratificante".

Outra parte importante foron os case 40 voluntarios que de xeito desinteresados axudaron na organización e realización deste evento deportivo, destas persoas voluntarias a gran maioría eran do concello, o que amosa a gran implicación da veciñanza nesta carreira. Ademais, este percorrido contou con música de ambiente aportada por tres grupos de gaiteiros distribuídos por diferentes puntos da carreira.

Nesta terceira Subida a San Cidre participaron 117 corredores, 53 na categoría de adultos e 64 nas infantís. Nas modalidades dos máis pequenos aumentou a participación con respecto a outros anos, de feito, no podio dos pre-benxamín masculino foi ocupado con nenos das Escolas Deportivas e da escola de Toques un acontecemento que ao técnico de deportes o ten especialmente contento e orgulloso. Na de adultos moitos eran deportistas que xa participaran anos anteriores, o que demostra que este evento deportivo se consolidando e gusta.

"O bo resultado desta edición anímanos a seguir traballando e intentar mellorar a realización deste evento deportivo", comenta Mauro Noguerol.

ENTREVISTA SOBRE O NOVO COMEDOR ESCOLAR DO CEIP DE ARCEDIAGO

“O novo comedor escolar de Santiso é un proxecto transversal e social, a prol da conciliación familiar”

O director do CEIP de Arcediago, Alfonso Muñoz, e a presidenta da ANPA, Celsa Salgado, no centro. / Foto: Cerne

- Como xorde este novo proxecto?

- Celsa Salgado (C.S): Nace, en parte, da necesidade de manter o número de matrículas ou incluso aumentalo se é posible para manter todo o profesorado que hai actualmente no centro educativo. **Alfonso Muñoz (A.M)**: Dende o CEIP de Arcediago apoiamos plenamente este proxecto porque a maiores de incrementar matrículas é un servizo máis e de utilidade para a conciliación das familias que xa forman parte da escola.

- O comedor escolar vai ter unhas características moi específicas.

- (C.S): Si, vai ser un comedor escolar no que se promova unha alimentación saudable, con materias primas e produtos locais (por exemplo: os ovos de Serantes), e as encargadas de cociñar os menús van ser as traballadoras do Mesón de Visantoña. O comedor escolar é un proxecto transversal e social.

- Onde se vai instalar este novo servizo?

- (C.S): En principio vai ser na anterior Casa Consistorial que está moi preto do centro educativo, a escasos metros. Non obstante, dende o Concello de Santiso tamén nos propuxeron o Centro Social que hai aquí ao lado pero o problema é que ese espazo habería que acondicionalo moito porque, actualmente, non pode acoller esta actividade. **(A.M)**: A anterior Casa Consistorial do municipio é un lugar idóneo, tanto polo ben que está todo o seu interior (reformado fai pouco) como a parte de fóra que é un espazo moi bo para que o alumnado xogue e se divirta despois de comer.

- Quen deseñará os menús diarios?

- (C.S): Na ANPA decidimos coller os menús realizados e publicados pola Xunta de Galicia que son os que se serven nos comedores escolares que dependen directamente da administración autonómica. Ademais, os cativos e cativas que teñan algunha intolerancia ou alerxia a determinados alimentos poden participar tamén no comedor da escola porque se lle van adaptar os menús.

- Como vai ser a organización do comedor?

- (C.S): Na Asociación de Pais e Nais do CEIP de Arcediago vamos distinguir entre dous tipos de usuarios e usuarias. Por unha banda, o alumnado que veña todos os días ao comedor ou todas as semanas certos días e, pola outra banda, os nenos e nenas que usen o servizo en días soltos ou esporádicos. A continuación, haberá un monitor ou monitora (cada quince nenos e nenas) que se vai encargar do coidado do alumnado durante o tempo da comida, así como de ir buscalos e levalos ao centro educativo antes e despois de xantar. O monitor será contratado pola ANPA directamente, intentaremos que sexa unha persoa do concello de Santiso para beneficiar en todo o posible o municipio.

- A acollida deste novo servizo por parte das familias do centro está a ser boa?

- (A.M): Realizamos un cuestionario que lle enviamos ás familias para ver a aceptación do comedor escolar. A maioría das familias do CEIP de Arcediago manifestaron a súa intención de ser usuarias habituais deste servizo unha vez posto en marcha.

- Tedes algunha previsión do número de alumnado que vai ser usuario deste comedor?

- (C.S): En principio non temos nin un número mínimo nin máximo fixado, esperamos que polo menos haxa quince nenos e nenas pero a intención é darlle cobertura a todas as familias que precisen este servizo para poder conciliar de mellor xeito a vida familiar e laboral, que non é nada sinxelo. De feito, insistimos na idea de que se hai uns pais e nais que un día puntual non poden vir recoller o neno ou nena á saída da escola porque teñen que ir ao médico ou acompañar a alguén a facer unha xestión, poden usar ese día o comedor, aínda que non sexan usuarios habituais. Nestes casos, simplemente o pai ou a nai do cativo ou cativa ten que chamar ao Mesón de Visantoña pola mañá a primeira hora para avisar de que teñen que facer un prato máis de comida e listo.

- Cal vai ser o procedemento das axudas que se van a convocar dende o Concello?

- Manuel Adán, alcalde de Santiso (M.A): o procedemento vaise poñer en marcha un pouco antes de principio de curso que é cando se prevé que comece o comedor. As axudas económicas vanse dar a final de mes a cada familia, é dicir, ao rematar o mes a administración local ingresaralle ás familias que teñan dereito á subvención o importe determinado. O máximo por menú que se lle vai aportar ás familias é de 2,5 euros (o prezo sen axuda é de 6 euros). A contía destinada a cada unidade familiar vai depender da súa renda, cremos é o sistema máis xusto para que ningún neno nin nena se quede sen ir ao comedor por falta de recursos económicos. Como é lóxico, esta subvención é só para os cativos e cativas empadroadas no concello. Este novo proxecto é beneficioso para todo o municipio, espero que sexa unha forma de atraer á xente nova a vivir en Santiso, de manter a escola e de darlle máis valor.

- Para os pais e nais que queiran matricular aos seus cativos e cativas no CEIP de Arcediago como teñen que facer?

- (A.M): O prazo de matrícula comezou o día 1 e durará ata o vindeiro luns 21. No momento no que veñan a matricularse ao centro educativo tamén poderán facer a súa solicitude para o servizo de comedor para así poder organizarnos mellor en canto a número de comensais e monitores.

Atopan unha necrópole megalitícia entre maleza en Sobrado dos Monxes



Imaxe dos puntos nos que están situadas as mámoas. / Foto: Xabier Moure

O persoal do Museo da Terra de Melide, Cristina Vázquez Neira e Xurxo Broz, veñen de comunicar ao Servizo de Arqueoloxía da Xunta de Galicia do de descubrimento de varias mámoas no monte de Sarrapiao no concello de Sobrado dos Monxes.

Este descubrimento foi posto en coñecemento por parte do xornalista, escritor e divulgador de Ribeira, Manuel Gago, ao persoal do Museo da Terra de Melide, tal e como confirmou el mesmo en Twitter.

Os grupos de mámoas que se acaban de comunicar sitúanse no monte Sarrapiao, con máis de 700 metros de altitude, cerca da aldea de Marco das Pías na parroquia de Codesoso. O historiador Xabier Moure informou de que aos investigadores lles chamou á atención "un amoreamento de terra e pedras pechado por un valado de estacas e malla metálica que, aínda que descartan que se trate dunha mámoa, non entenden o porqué do peche", sinala Moure nas súas redes sociais. O segundo grupo, situado máis ao leste conta con catro mámoas de difícil acceso debido á gran cantidade de toxo e ao terreo enchoupado de auga.

A Coral Polifónica de Melide conta con nova directiva

A Coral Polifónica de Melide nunha actuación no municipio. / Foto de arquivo

A Coral Polifónica de Melide vén de renovar a súa directiva, dado que, logo de tres anos dos tenores no posto é a quenda da corda das sopranos.

Esta nova directiva estará no cargo, como mínimo, durante dous anos. Nesta etapa que acaba de comezar a directiva ten marcada unha liña de actividades na que se van facer moitas cousas novas e nas que "as actuacións sexan un momento de desfrutar e socializar", afirman dende a directiva. Todo isto sucede logo de dous anos moi complicados para á formación debido ás baixas provocadas pola pandemia da COVID - 19.

O Santuario de Santa Columba das Pías

TIÑAS IDEA?

O Santuario de Santa Columba das Pías, na parroquia de San Miguel de Codesoso en Sobrado. / Foto: abeancos.gal

O Santuario de Santa Columba das Pías é un conxunto monumental relixioso situado no concello de Sobrado dos Monxes, na parroquia de San Miguel de Codesoso nun amplo entorno de gran beleza natural e paisaxística.

Este conxunto monumental está composto por unha ermida, dous cruceiros e unha fonte santa, rodeados por unha carballeira na que destaca un carballo centenario ó que lle atribúen propiedades milagreiras.

O cruceiro é o elemento máis antigo do santuario, está ao carón da ermida de Santa Columba das Pías e conta cunha inscrición na basa onde se pode ler: "Mandó hacer a su costa Don Pedro de Barallobre, año 1614".

A ermida edificouse entre 1670 e 1672, conta con planta rectangular e no seu interior contén un retablo de madeira policromada creado por Tomas de Fachal e Pedro Otero, escultores de Santiago de Compostela. A sancristía desta ermida construíuse no século XIX e adosada no extremo norleste, un oratorio externo, e igualmente adosado á ermida situado no extremo suleste, conformado como un porche que se edifica no ano 1704. Adosada ao santuario construíuse, por obra de Barallobre del Pazo del Gomar, unha pequena capela con advocación a Santa Columba das Pías, esta edificación data de 1710. Nesta capela descóbrese unha imaxe da santa realizada en pedra, baixo unha artística capela cun frontón decorado cun anxo en relevo.

A uns 50-60 metros en dirección noroeste da ermida, sitúase a Fonte Santa de estilo barroco, onde se debe beber a auga, ou lavarse nela, para poñerlle remedio a diverso tipo de patoloxías e enfermidades como: dores de cabeza, pés, gorxa, entre outras. Segundo conta a veciñanza do municipio, esta auga pódese conservar sen perder a súa salubridade nin que se volva verdosa.

Ademais do cruceiro da ermida hai outro na entrada do camiño, erixido en época moderna, ao que lle adosaron no fuste unha imaxe actual da Virxe en oración, á que se lle acostuman colocar cirios e flores. A fundación do santuario vai acompañada da constitución da confraría das Ánimas do Purgatorio, co beneficio da obtención das indulxencias plenarias (para a obtención do perdón dos pecados).

O machismo presente nas rúas, unha mostra da silenciosa discriminación de xénero existente ao longo da nosa historia

Das cincuenta e cinco rúas máis importantes da vila melidense, só dez levan nome de muller. Esta é unha mostra máis do machismo imperante na sociedade e de que foron eles, os homes, os que contaron a historia cando en moitas ocasión as protagonistas eran elas.

O nome das rúas ou edificacións importantes pode parecer unha cuestión sen importancia, algo puramente anecdótico, porén nos últimos tempos vimos entendendo que non é así. De feito, hai uns anos aprobouse mudar o nome do aeroporto de Santiago, pasou de chamarse Aeroporto de Santiago Lavacolla para nomearse Aeroporto de Santiago Rosalía de Castro. A medida que medra a sensibilidade por cuestións relacionadas coa igualdade e o feminismo certas cousas comezan a mudar e por iso é fundamental pararse a botar un ollo para ver o machismo silencioso que temos ao noso arredor.

Se damos un paseo polas rúas do municipio podemos atoparnos nomes dedicados a profesións que se levaban a cabo antigamente nesa parte de Melide; outras levan a nomenclatura dunha cidade, vila ou parroquia, por exemplo, a rúa Monterroso ou a Avenida da Habana; e, por último, hainas que teñen o nome dun ou dunha persoa destacada.

A rúa de Melide que leva o nome da ilustre escritora galega Emilia Pardo Bazán. / Foto: Cerne

Chama a atención, que haxa ata sete rúas dedicadas a alcaldes, todos homes por suposto. Exemplo disto son as rúas: Alcalde Andrés Rodríguez Martínez, Alcalde de Inocencio Fuciños Quintas, Alcalde Sabino Fuciños Buján ou Alcalde José Ares Lois. En ningún momento se pon en dúbida a boa labor que estes políticos puideron facer durante os seus anos ao fronte do consistorio, mais se fosen mulleres dedicaríanse esas rúas?

Se nos fixamos en persoeiros ilustres son moitas máis as figuras masculinas que poñen nome ás nosas rúas. En Melide temos: Alfonso Castelao, Vicente Risco, Almirante Brown, Antón Fraguas, Alexandre Bóveda, Emilio Camps, Xesús Carro, Irmandiños, Fernández Flórez, Curros Enríquez, Doutor Novoa Santos e Florentino López Cuevillas, entre outros. Non obstantes, en feminino temos: Sofía Casanova, Emilia Pardo Bazán, Rosalía de Castro, Concepción Arenal, María Barbeito, Francisca Herrara e Filomena Dato. É canto menos chamativo que dentro dos grandes persoeiros da nosa historia só sete mulleres sexan dignas de estar presentes nas principais vías da localidade melidense. Non é preciso destacar o gran traballo que todos estes homes e mulleres realizaron nos seus eidos profesionais pero, a caso non hai máis mulleres con méritos para nomear as nosas rúas?

Outro sector representado na nomenclatura das vías máis transitadas é o eclesiástico, eido no que tampouco se muda a tendencia que vimos a reflectir ata o momento. A Igrexa tamén fai diferenzas, mentres San Roque, San Pablo, Xoan XXIII, o crego Xosé Manuel Rodríguez Pampín, San Antonio ou San Pedro contan co seu oco nas principais rúas, só Santa María, Carmen e Pilar o fan.

Logo de ler isto parece que as rúas tamén teñen claro cal é o xénero predominante na sociedade e cal o sometido. As nosas vías son un exemplo máis do machismo existente na sociedade actual, unha mostra do xénero que nos contou a historia, das persoas que quixemos darlles notoriedade e visibilidade polo que supuxeron para o noso país ou pobo. A día de hoxe, das máis de cincuenta rúas estudadas para esta peza só doce levan nome de muller, delas tres son santas.

Ponse en marcha a iniciativa ‘Experiencia Irmandiña’ no Balneario Río Pambre

Vista aéra do Castelo de Pambre e dos seus arredores. / Foto de arquivo

A partir do 19 de marzo, no Balneario Río Pambre ponse en marcha a iniciativa ‘Experiencia Irmandiña’. Unha idea que nace co obxectivo de incentivar a hospedaxe de pequenos grupos de vistates ao balneario situado no concello veciño de Palas de Rei.

Con ‘Experiencia Irmandiña’ o grupo de turistas pasará dous ou tres días desfrutrando do termalismo do balneario e ten como punto forte o percorrido teatralizado polo interior do Castelo de Pambre da man do coñecido guía turístico Suso Martínez. Esta andaina comeza no propio balneario e continúa pola veira do río Pambre ata o Castelo. Unha vez no Castelo da comarca da Ulloa, os visitantes coñecerán as diferentes arquitecturas do edificio, tanto as construcións defensivas como outras singularidades simbólicas que conserva en perfecto estado esta antiga fortaleza.

O guía Suso Martínez recibirá aos visitantes vestido de Vasco da Ponte, personaxe histórico que será o encargado de ensinarlles todos os recunchos e curiosidades que garda o Castelo de Pambre.

Neste percorrido convertido nunha obra de teatro participarán, tal e como confirman dende o hotel Balneario Río Pambre, as seguintes persoas: Suso Martínez (que dará vida a Vasco da Ponte), Daniel Lindh (na pel de Sancho de Ulloa) e o arpista Daniel Garfén ou o músico de zanfona Manuel de Felisa.

Unha visita cultural ao Castelo de Pambre que “pretende dar a coñecer ao público un dos lugares máis emblemáticos da comarca, xa que este castelo é a mellor testemuña da arquitectura militar de Galicia e un dos poucos que queda en pé” afirman dende o hotel.

ENTREVISTA A MARGA QUINTELA, MESTRA DO IES DE MELIDE

“A escola é un instrumento fundamental para transmitir unha serie de valores e incidir na idea de igualdade”

- Que actividades levades a cabo arredor do 8 de marzo?

- Marga Quintela (M.Q): Estamos facendo unha pequena representación teatral nas aulas que está tendo moito éxito, titúlase ‘O lapus’. Logo, o propio día da muller no recreo o alumnado leu o Manifesto da Marcha Mundial das Mulleres, unha actividade na que se pon voz a diferentes reivindicación a prol da igualdade de xénero. Outras dinámicas que temos feito son: o vídeo que todos os anos o Concello de Melide nos ofrece a oportunidade de realizar para promover a igualdade, de feito o ano pasado polo 25 de novembro fixemos un moi bonito no que o alumnado falaba dos diferentes mitos que hai establecidos na sociedade como por exemplo, o típico “se é celosos é porque te quere”. As actividades para unha educación en igualdade non deben centrarse nun só día, teñen que desenvolverse dun xeito transversal ao longo do curso. Dende o IES o que intentamos é tirar liñas, ou dito doutra maneira, sementar para recoller igualdade, hai persoas nas que se consegue que xerme esa semente e outras nas que seca pero mentres haxa unha soa persoa na que saia adiante esa semente merece a pena facelo.

Marga Quintela, mestra de filosofía do IES de Melide o día de Rosalía de Castro no centro educativo. / Foto: M. Quintela

- Como afrontas dende a túa perspectiva de mestra a situación actual de desigualdade da muller?

- (M.Q): Pois dende dúas perspectivas: por unha banda, considero que a escola é un instrumento fundamental para transmitir unha serie de valores e incidir na idea da igualdade que parece que está moi asumido e falado porque ti miras as programacións de todas as materias e non hai unha na que falte o obxectivo de promover a igualdade. Non obstante, un día saes ao patio e ves comportamentos e actitudes que te preguntas a ti mesma: que estamos facendo? porque se che cae o mundo abaixo. Despois dáste conta de que os rapaces e rapazas máis pequenas que temos no IES reproducen uns modelos e estereotipos de series, videoxogos ou películas que son moi machistas e ves que quedan aínda moitas cousas por mudar.

- De feito, fai uns días saíron uns datos preocupantes, o 15% dos mozos de entre 15 e 29 anos cren que a violencia de xénero é un invento ideolóxico.

- (M.Q): É terrible. No mes de decembro, veu ao IES unha antiga alumna que está traballando nunha asociación de mulleres con discapacidade que sufriron violencia de xénero para contar a súa experiencia neste traballo. Entón, unha cousa que eu detectei foi que moitos rapaces consideran que a violencia de xénero e o feminismo como loita para acadar a igualdade entre homes e mulleres é un relato, algo ficticio, e como ti dis ideolóxico. Ademais, despois saltábanche co discurso de que hai homes que tamén sofren maltrato e que son vítimas de violencia. Para derribar todo este pensamento, a alumna encargada de dar a charla deulles datos obxectivos que desmitificaban esa idea e creaban un relato real, moi distinto ao que eles tiñan na cabeza. Non obstante, penso que esa actitude por parte dos rapaces é como unha especie de “provocación”, un xeito de chamar a atención nunha conversa ou nun debate porque me resisto a crer que realmente pensen iso.

- Que está fallando no sistema educativo?

- (M.Q): No ensino podemos facer moitas cousas, deixemos pegada ou non, pero ao mesmo tempo eu son unha persoa práctica, a min non me serve que o profesorado inclúa na programación un obxectivo para promover a igualdade e despois non nos escandalizamos ante determinados comentarios ou comportamentos. Por exemplo, ás veces estamos na clase e entre as rapazas chámanse putas, ti pregúntaslles porque se chaman así e dinche que é con cariño. Isto o que provoca é que estas rapazas lexitiman a outras persoas que as escoiten para que as traten no mesmo sentido e igual esa persoa non o fai con esa suposta intención de cariño. Por outro lado, o profesorado moitas veces tamén reproducimos o modelo social patriarcal que segue imperando na sociedade entón parece que a única maneira de facer valer este discurso é dende a imposición, de dicir temos que ter esta charla ou facer esta actividade, que é un dos defectos que ven os rapaces porque pregúntanche pero por que teño que ir eu a esta charla? pero en cambio se o faladoiro é dun escritor non cuestionan o por que teñen que ir.

- Danos un consello para os pais e nais educar en igualdade.

- (M.Q): Pois como son nai a parte de profesora éme difícil dar un consello pero se tivera comentar un sería: escoitar aos nosos fillos e fillas. Primeiro porque, moitas veces, pensamos que os nosos fillos e fillas van pensar coma nós e non é así porque eu nunca falei diso cos meus fillos e tampouco nunca lle preguntei o que eles opinaban sobre iso. Polo que creo que nos falta moito escoitalos porque despois un día chámanos un profesor dicindo que o teu fillo ou filla fixo tal comentario e non o podemos crer. Necesitamos escoitalos para saber como son e poder comprendelos. Ademais, esta cuestión de non escoitar pode ser unha orixe de conflito porque cada un fala dende a súa perspectiva e non entende a do outro. De feito, penso que no ensino tamén nos pasa un pouco isto, o profesorado non escoitamos o suficiente ao alumnado porque consideras tes cousas que ensinar e só fas iso pero temos moito que aprender deles que son as novas xeracións.

DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

O 8 de marzo conmemoramos o día Internacional da Muller que se celebrou por primeira vez nos Estados Unidos no ano 1909.
Hai moitos anos mulleres de Europa e dos Estados Unidos manifestáronse para reclamar condicións dignas no traballo e o dereito a votar nas eleccións, privilexio daquela reservado aos homes.
Foron anos de sometemento da muller nos que maiormente non podía traballar fóra do seu fogar e estaba baixo o sometemento dos pais, irmáns ou maridos.
Tampouco podían ter no banco unha conta ao seu nome, nin ir as festas soas , entrar nos bares, ...
QUÉ INXUSTO! PERO QUEN INVENTOU TAL COUSA?
Houbo moitas mulleres pioneiras. Isto quere dicir que foron por diante das demais e enfrontándose a toda a sociedade, foron abrindo camiños para poder estar presentes en moitos eidos da vida e das profesións.
Nalgúns aínda na actualidade a presencia da muller é moi escasa. E por iso que a loita non está rematada nin de lonxe.
Nomes como os de Concepción Arenal, Rosalind Franklin, Dorothy Crowfoot, Bárbara McClintock, Rita Levi-Montalcini, Indira Gandhi, Enid Blyton, Rosalía de Castro, Gabriela Mistral, Amelia Earhart, Elizabeth Blackwell, e tantas e tantas outras son exemplo da loita das mulleres por ocupar o mesmo lugar que os homes pola súa capacidade, preparación e esforzo.



Corazón de tinta

Alumnado do IES de Melide

EU TAMÉN NAVEGAR

- Que Penélope, despois de tanto conto, perdeu o fío. E nas mercerías xa non quedan nobelos.
- Que Rapunzel, tan melenuda, anda sen pelos na lingua.
- Que as mazás tentan de tan saborosas.
- Que Cinsenta puxo unha zapataría céntrica onde se venden pares soltos.
- Que nin esas, nin as outras, nin ovellas, nin tolas.

Alumnado 2º de bacharelato

EXTRAVIADAS

Hai nomes que van tan axustados que mancan nas costuras.
Indefinidas, mordendo o beizo coa sella dos soños e a bocha no pé.
No roupeiro vello do faiado colgamos a canseira de tantas acrobacias.
Aquí abaixo andamos deslinguadas.
Veña, corramos vestirnos de arrecendos a paraísos do instante onde estoupen
primaveras, perdámonos nun souto de poemas,
que non nos fagan vir ao rego, que estamos felizmente.

Fe Núñez

ROBERTO PÉREZ CASTRO, IMPRENTA MELIGRAF

“A clave está en diferenciarte doutras empresas e do que ofrecen por internet cun trato personalizado”

Imprenta Meligraf xa está nas mans da segunda xeración, logo de 34 anos dende a súa apertura esta empresa melidense tivo que adaptarse aos novos tempos para poder sobrevivir, unha fase que se realizou de maneira máis sinxela grazas á incorporación de Roberto Perez que trouxo á imprenta de seus pais novas coas que seguir conquistando á clientela de toda a vida.

- Despois de 34 anos traballando no sector, cal é a clave para que a clientela siga confiando en vós?

- Roberto Pérez (R.P): Por unha banda, a experiencia que dan todos os anos que a empresa leva traballando no sector da impresión, a xente sabe como é a nosa maneira de traballar e logo de tantos anos segue confiando en nós. Pola outra banda, ao ser unha empresa familiar o trato coa clientela que é moi próximo e personalizado e iso valórano moi positivamente.

- É máis fácil levar a diante unha empresa cando é familiar?

- (R.B): Pois como todo ten as súas cousas boas e malas, pero é certo que á hora de seguir co negocio é máis sinxelo cando é familiar porque tes máis apoio. Eu son a segunda xeración de Imprenta Meligraf, dado que foron meus pais quen a abriron e xa levo oito anos traballando aquí con eles. A intención é que unha vez que se xubilen poida seguir eu co negocio e as oportunidades vaian medrando.

- Vimos duns anos moi complicados coa pandemia, notades que a situación mellora?

- (R.P): Si, dende o último trimestre do ano pasado estase notando que a situación vai mellorando. De feito, nos meses finais de 2021 tivemos moito traballo porque xa se empezaron a facer diversos eventos e actividades. A parte que parece que aínda se resiste un pouco a recuperar o ritmo é o das festas populares no que a situación segue atascada pero penso que de cara a este verán a cousa vai mellorar e se vai recuperar porque vanse retomar as festas, celebracións e eventos. Se facemos un balance de todo o ano pasado e principios deste vese que a situación se recuperou moito. Ademais, a previsión para este 2022 é superar as do ano pasado.

Roberto Pérez Castro, de Imprenta Meligraf, nas oficinas situadas na rúa de Galicia en Melide. / Foto: Cerne

- Na era da dixitalización é fácil manter en pé unha imprenta?

- (R.P): Teste que ir adaptando cos tempos pero é posible. Tes que empezar a dar os novos servizos que a clientela che vai demandando e que antes non facías. Logo, hai outra parte como en certos produtos nos que non podes competir coas empresas en liña pero intentas tirar máis por artigos personalizados que gustan moito ou na área de deseño que hai moita xente que non está moi posta ao día e veñen aquí para que lles axudes e fagas ti esa parte. A maiores, hai outros traballos que non se facían como o tema de rotulacións que agora a xente achégase á imprenta para que llos fagamos. A pesares disto, certos produtos como o das tarxetas ou cousas dese estilo si que a clientela o demanda menos e outra parte decide pedilas por internet. En definitiva, a clave está en intentar diferenciarte doutras empresas e do que podes atopar pola rede, adáptaste totalmente ao que che demanda o cliente de maneira individualizada e personaliza para que así a clientela siga decidindo vir a Imprenta Meligraf.

- Está moi de moda personalizar os obxectos, é unha moda que veu para quedarse?

- (R.P): Si, é unha corrente que está moi en auxe. Cada vez son máis as tendas ou empresas que queren ter todo personalizado. Antigamente comprabas os obxectivos para regalar pero non os personalizabas, incluso nos eventos agora case sempre queren que vaia con algo que os distinga, tendas que as bolsas de papel as queren personalizadas e os restaurantes que empezan a serigrafiar os paquetes nos que envían a comida que preparan para levar.

- A clientela soe vir coas ideas claras ou son máis de pedirvos consello?

- (R.P): A verdade hai un pouco de todo. Atópaste con empresas que traballan con outras que xa se dedican ao deseño e esa parte xa cha traen feita e hai outros clientes que che deixan todo da túa man. Entón a estes últimos intentas coa idea que teñen adaptarte e plasmala no deseño. En negocios como este traballas tanto con empresas grandes como con pequenas e incluso particulares, polo que tes que adaptarte e amoldarte ao que cada cliente necesita e demanda. Cambia moito traballar cunha empresa máis grande a un particular por exemplo, xa que non van ter as mesmas demandas nin necesidades.

- Para o teu traballo diario a formación tamén é imprescindible.

- (R.P): Claro, a parte da experiencia que aquí é bastante a formación tamén é moi importante porque tes que irte actualizando e aprendendo a traballar con programas novos que van saíndo. Este é un traballo que che esixe estar ao día. Cando empecei a traballar aquí notouse porque avanzamos, especialmente, no ámbito do deseño porque claro eles levaban moitos anos traballando e cústache máis irte poñendo ao día. No meu caso intento formarme todo o que podo tamén en novos produtos que saen e outras novas pero non é sinxelo compaxinar a formación co traballo porque na imprenta pasas moitas horas e non sempre das sacado tempo para a aprendizaxe. O bo do noso negocio é que contamos coa parte de formación e dunha gran experiencia que avala o traballo que se leva facendo dende hai máis dunha trintena de anos.

- Tedes algunha nova en Imprenta Meligraf.

- (R.P): Pois algo que aínda non todo sabe que facemos é o tema da rotulación e cartelería de gran formato. Despois o noso forte segue sendo o mundo papelería pero tamén facemos serigrafías, vinilos, lonas, etiquetas adhesivas, expositores e máis produtos.

Imprenta Meligraf
Rúa de Galicia, 26
15800, Melide
Tlf: 981 50 62 56

CERNE

Cerne 193. Marzo 2022

Campaña de PREVENCIÓN de la SORDERA 2022

Reserve cita para su REVISIÓN AUDITIVA GRATIS

Pedir hora

Ronda da Coruña, 34
Melide - A Coruña
981 50 72 87
648 75 47 61

CEP
CENTRO ESPECIALIZADO PHONAK

Ahora puede probar sus audífonos en casa

Estamos tan seguros de seleccionar la mejor opción para su problema auditivo que **puede probarla en su casa** con total tranquilidad un mes.

En el **Instituto de la Sordera,** sabemos que cada persona es única y por eso ofrecemos una amplia gama de soluciones innovadoras prácticamente INVISIBLES, para asegurar la solución adecuada en cada caso y satisfacer sus necesidades.

MODELO INTRACANAL

Se introduce en el interior del canal auditivo y solo usted sabrá que lo usa.

MODELO RETROAURICULAR

Colocado detrás de la oreja, pequeño y disponible en distintos colores que lo hacen prácticamente invisible.

PUEDE AJUSTAR SUS AUDÍFONOS EN CUALQUIER LUGAR

Se conectan directamente a su teléfono iOS®, Android™ o a otros dispositivos con Bluetooth® para que pueda transmitir audio de calidad excelente directamente a sus audífonos.

Establecimiento Sanitario autorizado por la Consellería de Sanidad de la Xunta de Galicia Nº E-15-001359